

LUGO

INFORMACIÓN CULTURAL
E TURÍSTICA 2026

VENRES 13/03 A XOVES 19/03



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



LUGO

INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA



Información elaborada o xoves 12/03. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

Imaxe da portada: Dianto Reed Quintet, en concerto o mércores 18/03 - 20:30 - Fuxan os Ventos. Ataquilla.com

Para recibir este boletín:
envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal
Asunto: boletín.



982 297 199



LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo

LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Presentación

Cando as borraças non tiñan nome



Ana Barral

Acompañará a autora

Maria José Diaz Pinheiro,

Profesora de Lingua e Literatura


Venres, 13 de marzo, ás 19h,

Vello Cárcere

LUGO



MEDULIA
editorial



VENRES 13/03 A XOVES 19/03

LUGO

A XENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

PALESTINA

HOXE E MAÑÁ

Palestra con
Jaldía Abubakra
activista palestina
fundadora do movemento Alkarama
coordinadora de Samidoun
tripulante na Global Sumud Flotilla

Sábado
14 de marzo
19:00
no Vello Cárcere



LUGO POR PALESTINA

WELLS CÁRCERE

Amancio Prada

EN CONCERTO

Venda de entradas:
Ataquilla
www.ataquilla.com



50 anos do disco
Rosalía de Castro
1975-2025

LUGO
Auditorio Fuxan os Ventos
14 marzo
20:30 horas

www.amancioprada.com

FACELA

FLORA + SAN JUAN AUTISTA VÍRGENES DE VIRGINIA

Sábado 14 de Marzo 22.00h
CLUB CLAVICÉMBALO
Anticipada 8€ Taquilla 10€

entradas en  www.facelafest.com

MATEMÁTICAS



NA RÚA
#matesenlacalle



LUGO
PRAZA MAIOR
15 MARZO 2026
11:00-14:00



VENRES 13/03 A XOVES 19/03



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

**Visita teatralizada ao
Cemiterio Municipal**

“Mulleres destacadas”

15.03.2026 17:30

É preciso reservar entrada

+ INFO NO 010/982 297 350

 010

UN PERCORRIDO POLAS SALAS DO MUSEO DO POBO GALEGO



GALA

ENTREGA DO PREMIO CÂNTIGAS E FRORES
DA CULTURA TRADICIONAL AO MUSEO DO
POBO GALEGO

15.03.2026
20:00H | AUDITORIO
FUXAN OS VENTOS



venda de
entradas
DO CONCELLO DE LUGO



Letras Galegas 2026

“Begoña Caamaño:

Ler o mundo, escribir historias”

En coloquio:

María Xesús Nogueira, profesora, filóloga.

Malores Villanueva, filóloga, escritora.

Día 16 de marzo: Salón de Actos da Deputación Provincial
19:30 horas.



LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Encontro co autor

ROBER CAGIAO

Martes 17 de Marzo

ÁS 19:30H

Casa da Xuventude (Lugo)

CHARLA CON ELES E FIRMA DE LIBROS

XUNTO A... EVA CAMEÁN

Librería Clarion

LIBRERÍA SONOS DE PAPEL ORGANIZA librería SONOS DE PAPEL

Musel

no Club Clavicémbalo

marzo 2026 18

5€ 22:30 entrada

lintr.co/musel

Gelato Baby

LUGO 18 MARZO 23:30

LORNA

ACTUARÁ DURANTE LA FIESTA + ARTISTAS INVITADOS

ENTRADAS A LA VENTA EN WWW.ATAQUILLA.COM

EKO

Tébras Sala de conciertos

JAMES LEG

Fender Rhodes en fusión nuclear: voz guiada por el diablo. James Leg predica el boogie, celebra el soul, encarna el rock'n'roll con una furia y una magia dignas de las estrellas más oscuras.

INFO & ENTRADAS: ELBEASTBOOKINGS.COM

LUGO

CLAVICEMBALO

JUEVES 19 MARZO 2026

22:00 H · 12/15 EUROS

VENRES 13/03 A XOVES 19/03

06

LUGO

MOSTRA TEATRO CLÁSICO

XXVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO DE LUGO

DO 3 AO 22 DE MARZO DE 2026

  **DEPUTACIÓN DE LUGO**  **Cultura**  **REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS**

PROGRAMACIÓN

3 de marzo "O Espírito de Vania" <i>de Machi Salgado</i> Centro Sociocultural O Vello Cárcere 20.30h. +14 85		6 de marzo "El Alcalde de Zalamea" <i>de Teatro Corsario</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +15 90	
7 de marzo "Atila Furioso" <i>de Cristóbal de Virves</i> <i>pola Cia. EscenaTe e Taquikardia</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +10 70		12 de marzo "La Desconquista" <i>de Ron Lalá</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +14 80	
13 de marzo "Rey Lear" <i>da Companhia do Chapitô</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +13 80		14 de marzo "Dicha y desdicha del juego y devoción de la Virgen" <i>de Ángela de Azevedo</i> <i>por Calema Producciones SL</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +15 90	

PROGRAMACIÓN

15 de marzo "CaLORCAlor" <i>de Guayomini</i> <i>Producciones SL</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 18.00h. FAMILIAR +6 50		19 de marzo "La Loca Historia del Siglo de Oro" <i>de La Escalera de Tijera e Z Teatro</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +12 65	
20 de marzo "FARRA" <i>Cia. Nacional de Teatro Clásico e Companhia</i> <i>Lucas Escobedo</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30h. +6 75		21 de marzo "Las abarcas desiertas" <i>de La Companhia del Alba</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 18.00h. FAMILIAR +6 50	
22 de marzo "Artur Uli, o ovo da serpe" <i>de Talia Teatro</i> Auditorio Municipal Gustavo Freire 18.30h. +14 90			

IMPORTE DAS ENTRADAS:

Obras para público adulto: 8€*

*Desconto do 30 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.

BONOS:

Adulto: 36€ (8 representacións).

(El Alcalde de Zalamea, Atila Furioso, La Desconquista, Rey Lear, Dicha y desdicha del juego y devoción de la Virgen, La loca historia del siglo de oro, Farra, Artur Uli o ovo da serpe).

FORMA DE ADQUISICIÓN:

ENTRADAS:

- A través do portal web entradaslugo.es
- Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo de cada función.
- No Auditorio, o día da función, dende unha hora e media antes do comezo do espectáculo.
- No Centro Sociocultural O vello Cárcere.

IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN, NIN CON COMIDA E BEBIDA.

PROHÍBESE A TOMA DE FOTOGRAFÍAS E GRAVACIÓN DO ESPECTÁCULO, TANTO NO QUE SE REFIRE A SON COMA A IMAXE, A EXCEPCIÓN DOS MEDIOS GRÁFICOS PREVIAMENTE AUTORIZADOS.

LUGO

MOSTRA TEATRO CLÁSICO

13 de marzo

"Rey Lear"

da *Companhia*

do *Chapitô*

Auditorio Municipal

Gustavo Freire

20.30h. +13 80'



Sinopse:

Nesta versión minimalista do Rei Lear, tres intérpretes encarnan a todos os personaxes, movéndose nunha incesante acción de liberdade. A meta-teatro emerxe como a clave deste xogo, un mecanismo vital para resistir a traxedia.

Non se trata só de contar unha historia, trátase de habitala, desafiála, despregala en movementos que transforman corpos, voces e espazos en algo inestable, efémero, intencionadamente artificial.

O escenario, este territorio mutable, é o lugar onde os personaxes se disolven e recompoñen, onde os intérpretes se moven sen previo aviso entre capas de interpretación, expondo as profundidades do poder e a cobiza. Eles, os actores, son o corazón palpitante da obra, á vez múltiples e singulares, mentres levantan e destrúen o xogo escénico, revelando un espectáculo que trata tanto sobre O Rei Lear como sobre a esencia mesma de contar e reinventar unha historia.

14 de marzo

"Dicha y desdicha del juego

y devoción de la Virgen"

de *Ângela de Azevedo*

por *Calema Producciones SL.*

Auditorio Municipal Gustavo Freire

20.30h. +15 90'



Sinopse:

O Demo e a Virxe, inmortalis ludópatas, xogan a salvación ou condea da humanidade. As protagonistas da súa partida son María, Felisardo, Violante e Fadrique, dúas parellas amorosas que terían que xogalo todo tamén para vencer os obstáculos (a honra, a ambición, a autoridade dos pais, a inconstancia e o desexo de vinganza), salvarse e alcanzar os seus desexos. Unha posta en escena lúdica e fresca dunha obra nunca antes representada con tres actores/actrices que xogan a ser nove personaxes sobre un taboleiro teatral, dados, fichas, marionetas, humor, azar e música ao servizo da visión iconoclasta e modernísima da autora portuguesa do século XVII, Ângela de Azevedo. Non vai máis!

15 de marzo

"CaLORCAlor"

de *Guayomini Producciones SL.*

Auditorio Municipal

Gustavo Freire

18.00h.

FAMILIAR +6 50'



Sinopse:

Coma nun xogo de crianzas e de palabras, se repites "calor" unha vez tras outra pode que unha onda te leve a Granada, a Fuente Vaqueros, á casa de Federico García e Vicenta Lorca, pode que ao seu patio, ou quizais, se o repites, chegues a unha palleira e alí atopas a Arantxa e Lobo, apoiados sobre os versos de Lorca, tratando de levar ao teatro o arrecendo do mar, tentando averiguar o xeito de encher un patio de butacas de estrelas.

Tamén é posible que, se repites «calor» unha vez tras outra, chegues a ambos lugares.

Premio OH 2023 ao Mellor Espectáculo para a Infancia

19 de marzo

"La Loca Historia

del Siglo de Oro"

de *La Escalera de Tijera*

e *Z Teatro*

Auditorio Municipal Gustavo Freire

20.30h. +12 65'



Sinopse:

O retrato dunha España chea de luces e sombras, reis, pintores, dramaturgos, clero, pícaros e cómicos envolven A TOLA HISTORIA DO SÉCULO DE OURO e retratan os acontecementos sucedidos durante este século, narrando as andanzas, aventuras e desventuras dunha sociedade guiada polos designios de Deus e dos Reis. Un percorrido disparatado polos momentos máis brillantes —e tamén máis ridículos— do teatro clásico. Entre Lope, Calderón, Cervantes e compañía... nada será como o recordabas. Con humor, música en directo, xiros inesperados e a frescura de dúas compañías que saben mesturar o clásico co contemporáneo, esta obra transforma o Século de Ouro nun espectáculo delirante para todos os públicos.

Premio mellor dirección no Festival Nacional de Teatro Vegas Bajas.

Animación á lectura e contacontos

Febreiro | abril 2026



**Biblioteca
Municipal
Isidro Novo
MIHL**

Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos.

Para asistir aos contacontos, é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratúitas e estarán dispoñibles desde o luns da semana da actuación.

As persoas adultas que acompañen os nenos e nenas aos contacontos terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitirase só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres entradas por persoa.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.



#ActivandoLugo

Xoves, 26 de febreiro ás 18:00 horas no MIHL

GALEATRO
"Hotel Paraíso"

Idades: a partir de 4 anos
Duración: 50 minutos

Imaxina un lugar onde cada cuarto garda un sentimento, cada corredor conta unha historia e cada parede asubia un segredo. Ven hospedarte no "Hotel Paraíso", onde cada palabra é unha chave e cada emoción, unha porta por abrir.

Xoves, 12 de marzo ás 18:00 horas no MIHL

A XANELA DO MAXÍN
"Toupiciencia Show"

Idades: a partir de 5 anos
Duración: 40 minutos

A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza, e mais o seu axudante Protonio, andan a buscar ás persoas científicas do futuro, facendo divertidos experimentos e demostrando que facer preguntas é a clave para aprender.

Xoves, 26 de marzo ás 18:00 horas no MIHL

MARTA ORTIZ
"Tralará. Contos, obxectos e música"

Idades: de 1 a 3 anos
Duración: 45 minutos

Tralará ten o ritmo no corpo, cos cantos e refráns, retrousos e rimas, xogos de palabras e contos versados. Contos de antes e de agora, cun pé para adiante e outro para atrás, bailando entre a tradición e a actualidade.

Xoves, 9 de abril ás 18:00 horas no MIHL

PAKOLAS
"Ramona Órbita, a dona do tempo"

Idades: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos

Pakolas conta e canta a historia de Ramona, unha muller labrega e científica do Courel, que posúe unha horta cibernética e unha máquina do tempo coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo máis ecolóxico.

Xoves, 16 de abril ás 18:00 horas no MIHL

TRÉMOLA TEATRO
"Vamos ao recreo"

Idades: a partir de 3 anos
Duración: 45 minutos

O recreo é o sitio máis divertido de todo o cole. Pero neste cole, o patio estaba separado por unha corda: nun lado xogaban as nenas e no outro, os nenos... ata que chegou Sara. Vindes con nós a descubrir como esta nena revolucionou todo o patio?

Xoves, 23 de abril ás 18:00 horas no MIHL

OS CONTOS DE PABLÍSIMO
"O Paroleiro"

Idades: a partir de 4 anos
Duración: 40 minutos

Celebramos o Día do Libro cunha sesión variada de relatos clásicos e contemporáneos que amosan a riqueza e diversidade da literatura infantil e da tradición oral. O Paroleiro é moi amigo de parolar, gústalle laretar, enredar, falar e contar. Conta sucedidos, historias e, sobre todo, moitos contos que leva na súa memoria.

LUGO

O VELLO CÁRCERE



Programación Continua 2026



BIBLIOTECA + ESPAZO DIDÁCTICO

OBRADOIROS

PÚBLICO INFANTIL

"PEQUEVIÑETISTAS"

Martes | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013-2018

"A TODA COR"

Mércores | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2017-2022

"MINIRRELATOS"

Xoves | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013 - 2018

Club de lectura infantil "RATIÑOS DE BIBLIOTECA" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00 | Nados/as entre 2013 - 2017

PÚBLICO XUVENIL

"E TI QUE CONTAS?"

Luns | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2009-2012

PÚBLICO ADULTO

"ABRINDO AS PORTAS"

Luns | 16:30 - 17:30

"CONSTRUÍNDO MEMORIA"

Martes | 16:30 - 17:30

"ESCRITURA CREATIVA"

Xoves | 18:30 - 19:30

Club de lectura feminista "EN-CLAVE FEMINISTA" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00

Club de lectura de memoria democrática "GREGORIO SANZ" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00

PROGRAMA TÁNDEM

Horarios e días en función do idioma

VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

- VENRES: 17:30
- SÁBADOS: 11:15 e 17:30
- DOMINGOS: 11:15 (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30

PROGRAMACIÓN ESCOLAR

EDUCACIÓN PRIMARIA

"Un edificio con boa memoria" - Nemesio Cobreros

EDUCACIÓN SECUNDARIA

"Un edificio con boa memoria" - Rafael de Vega

BACHARELATO E COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Visita guiada edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

ESPAZO DE LECER

Nados/as entre 2017 - 2022

HORARIO (Sábados, domingos e festivos)

MAÑÁ	1ª quenda:	11:00 - 12:30
	2ª quenda:	12:30 - 14:00
TARDE	1ª quenda:	16:00 - 17:30
	2ª quenda:	17:30 - 19:00

ACTIVIDADES

"CONTACONTOS MIÚDOS"

Sábados | 11:00 - 12:30 e 12:30 - 14:00

"COUSIÑAS XEITOSAS"

Domingos | 11:00 - 12:30

TEMPO DE LECER

Sábados e Domingos. Horario do espazo, excepto nas horas de "Contacontos miúdos" e "Cousiñas xeitosas"

Festivos | Horario do espazo

INFORMACIÓN IMPORTANTE


- Todas as actividades son de balde.
- Na Biblioteca e no Espazo Didáctico **requírese inscrición previa.**
- No Espazo de Lecer e nas visitas guiadas, **recoméndase a inscrición previa.**
- A programación está suxeita a posibles modificacións en base aos eventos que acolle o Centro.
- Máis info e bases en: **ovellocarceredelugo.gal**

📍 Praza da Constitución s/n, 27002, Lugo

☎ 982 297 195

✉ velloccarcere@lugo.gal

🌐 ovellocarceredelugo.gal



LUGO

LUGO CULTURAL



MICROABERTO

**Tes unha canción,
un poema, un conto,
un monólogo...?
Tes algo que dicir?**

📅 24 de marzo
🕒 20:00 h
📍 Cafetería da Facultade de ADE

Primeira consumición gratis.
Artista convidada: **Páramo Pictures**




Envía a túa
proposta ata o
21 de marzo cubrindo
o formulario neste
código QR!

Máis información para actuar
ou utilizar o micro aberto:
cultura.lugo@usc.gal

@ cultura_ usc f AreadeculturaUSC t culturausc.bsky.social
#PrimaveraCultural www.usc.gal/gi/servizos/area/cultura
@ lugocultural #LugoCultural2026 www.lugocultural.gal





ENCONTROS DE LÚA CHEA

26 de febreiro
**A administración
Trump: unha nova
orde mundial?**
🕒 19.00 h
📍 Cafetería da EPSE

Falarán:

- Daniel G. Palau
Director do IGADI
- Bernardo Valdés Paços
Dpto. de Economía Aplicada, USC

26 de marzo
**Medios de
comunicación:
información ou
desinformación na
era das fake news**
🕒 19.00 h
📍 Cafetería da EPSE

Falarán:

- Raquel Lema
Presidenta do Comité
Intercentros da CRTVG
- Orestes Currás
Representante territorial do
Colexio de Xornalistas de Galicia

@ cultura_ usc f AreadeculturaUSC t culturausc.bsky.social
#PrimaveraCultural www.usc.gal/gi/servizos/area/cultura
@ lugocultural #LugoCultural2026 www.lugocultural.gal





Sobre nós...

Lugopoética 2026, continuadora da acción iniciada en 2024, é un proxecto de **Egeria** en colaboración coa **UNED Lugo** e a **Xunta de Galicia**, que se vai desenvolver en **seis sesións**.

Consistirá en conversas de **90 minutos** de duración con poetas que comentarán e lerán anacos da súa obra.

EGERIA

 **Xulio Xiz** - Coordinador
Presidente do Colectivo Egeria

máis información e matrícula




- ☎ 982 28 02 02
- ✉ info@lugo.uned.es
- 🌐 <https://extension.uned.es/actividad/50637>
<https://www.lugopoetica.org/>
- 📍 Tolda de Castela 4B - UNED Lugo
Salón de Actos - 3º andar

Organiza:

EGERIA

Colaboran:




Online 

Presencial 



Os encontros xirarán arredor de parellas de poetas **"Paso a dous"** relacionados entre si por familia ou actividade que serán emitidos na canle de YouTube da UNED Lugo.

LUGO POÉTICA 2026

- | | |
|---|---|
| 
19 febreiro - 18:30 h.
DIANA VARELA PUÑAL
CHELO GAYOSO DÍAZ | 
18 marzo - 18:30 h.
SONIA ARIAS LÓPEZ
ELENA PÉREZ LÓPEZ |
| 
23 abril - 18:30 h.
XOSÉ LOIS GARCÍA
RAMÓN RODRÍGUEZ PORTO | 
14 maio - 18:30 h.
MARTIÑO MASEDA LOZANO
BEATRIZ LÓPEZ DOURADO |
| 
28 maio - 18:30 h.
EDUARDO CARREIRA LÓPEZ
ÁNDELA GRACIÁN | 
11 xuño - 18:30 h.
ANA MAR FRAGA RABADE
MONTSE GONZÁLEZ ÁLVAREZ |

 **Xosé Carlos Ulloa**
Presentador

O futuro

Lugopoética nace con **vocación de continuidade**, pretendendo medrar no futuro con similares encontros que reflectan a riqueza e potencial da creación poética nas terras lucenses.

Máis info: <https://www.lugopoetica.org/>

|| Froito destes encontros editarase unha terceira publicación:

Lugopoética 2026

Unha escolma das obras dos poetas participantes na edición.





Día Internacional da muller 2026 Programación



#SOMOS2030

VOCES QUE ABREN CAMIÑOS

Vídeo podcast de entrevistas da man de seis mulleres lucenses.

Estrea o 8 marzo 2026 | Redes Sociais

CURSO DE EXTENSIÓN

Herbarium et Venenum: corpo, medicina e rituais femininos en Hispania en la Antigua Roma.

Do 18 marzo ao 13 de maio 2026 | Máis info

<https://extension.uned.es/actividad/50737>

XORNADAS FEMINISTAS

VI Xornadas
Aprendendo Feminismo: xenealoxía feminista.
Mulleres para pensar, ideas para defender.

24 de marzo 2026 | Máis info

<https://extension.uned.es/actividad/51275>

EXPOSICIÓN

Xenealoxía
feminista. *Mulleres para pensar, ideas para defender*

Do 24 marzo ao 24 abril 2026 | 3º andar

#MesDaMullerUNED

8M



Sesións de Filmoteca marzo 2026



* Día 4: *Put Your Soul on Your Hand and Walk*, Sepideh Farsi, 2025. Francia, Irán, Territorio Palestino.
Premios: 2025 Asociación de Críticos Norteamericanos (NBR): Premio á liberdade de expresión.



* Día 11: *Deuses de Pedra*, Iván Castiñeiras, 2025. España.
Premios: Documenta Madrid 2025: Premio do Xurado á Mellor Película Nacional. Premio Xurado Novo CineZeta. Play-Doc 2025: Premio na competición galega ECAM Forum 2024: Premio Comunidade de Madrid.



* Día 18: *L'enfance nue*, Maurice Pialat, 1968. Francia.
Premio Jean Vigo (1969)



* Día 25: *À nos amours*, Maurice Pialat, 1983. Francia.
Premios: César 1984: Mellor película, Mellor actriz revelación (Sandrine Bonnaire). Prix Louis Delluc, 1983. Cahiers du Cinéma 1983.

Proxeccións: Salón de Actos da Casa do Saber (USC).
Sesión, 19:30 horas.
Iniciada a proxección non se permitirá o acceso á sala.

LUGO

CLUB CLAVICÉMBALO



Clavicémbalo
Club de Arte e Música

www.clavicembalo.com
www.clavicembalo.gal

Reservas: tel. 982 243 270 ou no
email club@clavicembalo.com

Horario de xoves a sábado a partir das 21:30 h.
Horario dos concertos: mércores e xoves ás 21:30 h.
Venres, sábado e véspera de festivo ás 22:30 h.

Mércores 4...

Xoves 5,
venres 6
e sábado 7...

Mércores 11...



Xoves 12...

Venres 13...



Sábado 14...

Mércores 18...

Xoves 19...

Venres 20...

Marzo 2026

The Scaners
Organiza: FaCeLa

Microefectos Dramatúrxicos
Pezas: *DIES IRAE* de Raquel López.
Achados e crebas de Isa Herrero.
Vida salvaxe. Interseccións xiratorias mortais de Brais García.
No nome mi nome de Brian Rodríguez.



Piloto de comedia

Naceu e medrou na Coruña e agora chega a Lugo por primeira vez!
Concurso de comedia para entre catro e oito participantes, xente que empeza e cómicos con experiencia, que se enfrontan a diferentes probas de humor. O público suxire temas a desenvolver e decide co seu voto quen gaña cada edición. Espectáculo dinámico e diferente en cada función co que habedes pasar unha noite divertida.

Improdutivas

Calequi y Las Panteras + banda

Javier propuxo formar un grupo ás cantantes Luisa Corral e Lauri Revuelta, con quen tiña xuntado para tocar en domingos de prepanemia, e así se creou o talentoso Calequi y Las Panteras. Ofreceron setenta mércores seguidos concertos de bar con distintos artistas e deron vida a unha creativa e coral viaxe acompañados dunha banda que foi variando a formación. A este harmónico trío únense músicos como Adri Seijas (batería) e Lucas Piedra (secuencias). Resulta un cóctel explosivo de *funk*, *cumbia*, *afropop* e *rock*, estilo *desxerado* que combina o Prince máis bailable co Beck máis experimental e mailo *groove* latino de Bola de Nieve e Rubén Blades. As voces entregan ritmos e harmonías de distintos estilos, as letras das cancións lévannos dun continente para outro envoltos en música universal que se escoita, que enche de ritmo, que se baila!...

FaCeLa

Musel

James Leg

Super F + Madame Bird



Sábado 21...



Mércores 25...

Xoves 26...

Venres 27...

Sábado 28...



Lumedoloop + Saibrán

Dobre concerto coas estreiras discográficas de Saibrán e Lumedoloop.

Saibrán é idea do rapeiro de Santiago Cibrán García, a metade de Boyanka Kostova, que vén de lanza-lo seu primeiro disco *Atardecer Harmonioso con Gotas de Primavera* e está a presentalo en directo acompañado de Julián Goicoa ao baixo e Fiz García á batería.

Lumedoloop son Jamas, Mòu e DJ Mil, tres referentes do *hip hop* galego que nos traen en vivo (*Reexistencia*, o seu primeiro LP conxunto. Sobre o escenario despregan o triángulo conceptual do disco: a *Reexistencia* —o lume da loita—, a *Reexistencia* —o loop da transformación— e a *Existencia* —o froito de resistir e transformarse, a presenza plena—. O *flow* magnético e a poética afiada de Jamas, a narrativa sonora de Mòu e a técnica milimétrica de DJ Mil constrúen un concerto intenso, dinámico e sen concesións que atravesa a poesía máis esixente, a denuncia social sen edulcorantes, a retransmisión como arma e a introspección máis fonda.

Posta en escena firme, honesta; sen artificios. *Rap* en estado puro.

Impro Ousadías



Jam Session de Rock & Blues
Organiza: Fábrica de Sons | Entrada libre

Daydream Sessions V. 1 + Invitados

TanDuB | Ourense

Reggae/ dub/ electrónica /gnawa

Xunta intérpretes de raíces moi dispares (folk, *rock*, *blues*, electrónica) que proveñen de grupos como Lamatumbá, Dar Gnawa, Coanhadeira, Kondíos e Tabú. Fusiona a música tradicional *gnawa* (norte de Marrocos, Tánxer) con outros xéneros como *reggae*, *drum & bass* e música electrónica empregando instrumentos de banda clásica, electrónicos e tradicionais marroquís como o *hajhouj* e as *carcabas* e acada un son que é necesario gozar. Complementa os concertos con pintura en directo da man dun dos cantantes.

Gañador do Concurso de Maquetas Millo Verde 2019, do Concurso Estudios Mans 2021, segundo nos Premios Narf 2021 e, novamente, vencedor do Concurso de Bandas de Cuac FM 2022, vén de edita-lo seu primeiro álbum, *Saha*, e de ensinalo ao vivo nun bo número de festivais e salas: ReggaeBoa (Balboa), Fiestizaje (Ponferrada), GulliverFest (Narón), Txonda del Katxi (Segovia), Meninas de Canido (Ferrol)...

Emenda e traduce: Shui Long | saddayakko@gmail.com





MARZO 2026

FOOLANS, VERTEZ GZ, FLORA & LU GAMBINOS [METAL & ROCK]	JUE. 05_MAR	20:00 H	Taquilla 6€
GREASY BELLY [ROCK & BLUES]	VIE. 06_MAR	22:30 H	Taquilla 6€
MANUEL WIRTZ [CANCIONES DE AUTOR]	SAB. 07_MAR	22:30 H	Taquilla 26€
WILLIE NILE [CANTAUTOR ROCK&ROLL]	VIE. 13_MAR	22:30 H	Anticipada 20€ Taquilla 23€
KORNUCOPIA [DJ GALO 90'S-2000'S]	SAB. 14_MAR	17:00 H	Anticipada 6€ Taquilla 8€
3º ANIVERSARIO LMB TWICE [MALDITOS PENDEJOS]	MIÉ. 18_MAR	EVEN TO PRIVADO	EVEN TO PRIVADO HASTA LAS 23.00
ALGA [VERSIONES INDIE]	VIE. 20_MAR	22:30 H	Taquilla 6€
LUBACK [ROCK & BLUES & FOLK]	SAB. 21_MAR	22:30 H	Taquilla 8€
LOS RAYONES [VERSIONES ROCK&ROLL]	VIE. 27_MAR	22:30 H	Taquilla 6€
ESCUELA ROCK SCHOOL FERROL [ACTUACIÓN ALUMNOS ESCUELA DE MÚSICA]	SAB. 28_MAR	16:30 H	Taquilla 6€

Super TARDEO POP

MTD

ESTRELLA GALICIA

UNITE A LA PESIS PENIA

REGISTRADA DESDE 1906

TODA LA INFO + ENTRADAS
www.sala-jagger.com

A HEDREIRA | MARZO

XOVES 5 | 18:30 HORAS
OBRADOIRO DE COSTURA BÁSICA

MÉRCORES 11 | 19:00 HORAS
SAÚDE SEXUAL NO COLECTIVO LGBT+

Organiza: Avante LGBT+

XOVES 12 | 19:00 HORAS
CAFÉ FILOSÓFICO

Tema da conversa: O auxe do pensamento reaccionario.

VENRES 13 | 20:00 HORAS
NOITE DE XOGOS

Organiza: Avante LGBT+

SÁBADO 14 | 12:00 HORAS
PINCELADAS CONTRA A REPRESIÓN
XORNADA ARTÍSTICA EN MEMORIA DAS
REPRESARIADAS NO VELLO CÁRCERE

Organiza: Coordinadora da Mocidade Socialista

VENRES 20 | 20:00 HORAS
ARRANCA O MALDITO CORO DA HEDREIRA

Reunión inicial para decidir o rumbo.

SÁBADO 21 | 21:30
CEA VEGANA

Prezo: a vontade. Prazas limitadas.
Precísase reserva en: csahedreira@riseup.net

XOVES 26 | 19:00 HORAS
CINEFÓRUM
'AS MARGARIDAS' (1966) de Věra Chytilová

OBRADOIROS

parapono teatro

Luns de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00 | Mércores de 11:00 a 13:00 e de 18:30 a 20:30

en movemento

Primeiros Venres de mes

catalán

Martes | 20:30 - 22:00

TODAS AS ACTIVIDADES DE BALDE

Inscríbete:
(+ info e horarios na web)



ahedreira.noblogs.org

Aberto de 19:00 - 21:00
os xoves e venres

Rúa Catasol, 17 (Lugo)
@hedreira | csahedreira@riseup.net



EXPLORA LUGO



Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere



Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicoslugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

EXPLORA LUGO



**Centro arqueolóxico
San Roque**

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



**Museo Provincial de
Lugo**

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
twitter.com/RedeMuseistica

